



INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN AO EXPEDIENTE DE CONTRATO DE OBRA, RELATIVO Á XUSTIFICACION DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO, EFICIENCIA NA CONTRATACIÓN E INSUFICIENCIA DE MEDIOS (Art. 28 LCSP 9/2017), E XUSTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS INDICADOS NO ARTIGO 116.4 DA LCSP 9/2017.

Asunto	: expediente contratación de obras
Órgano contratación	: alcaldía
Obra/Proxecto	: instalación térmica de edificio multiusos no Concello de Santa Comba
Memoria/Proxecto	: proyecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba
Procedemento contratación:	aberto simplificado. Art. 159 LCSP
Valor estimado	: 83.099,64 euros
IVE (21%)	: 17.450,92 euros
Orzamento base licitación	: 100.550,56 euros
Duración/Prazo execución	: tres (3) semanas (21 días naturais)
Código expediente axuda	: 2023/A008/000022
Código expediente	: 2023/C003/000008
Plan	: Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local (PR486B)

Obxecto do contrato

O presente expediente de contrato de obra ten como obxecto a *Instalación térmica de edificio multiusos do Concello de Santa Comba*.

As obras a executar son as comprendidas no proxecto denominado “Proyecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba”, de data de agosto de 2023 (asinada electronicamente con data de 11/08/2023), elaborada polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, número Colexiado 1263 do ICOII Galicia, cun valor estimado de 83.099,64 euros e 17.450,92 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 100.550,56 euros; cun prazo de execución de tres (3) semanas (21 días naturais).

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, e insuficiencia de medios:

Actualmente o edificio do pavillón municipal dispón dun sistema de calefacción con radiadores eléctricos, e no mesmo non se utiliza, por non existir, un servizo de auga quente sanitaria (ACS).

A instalación descrita é unha instalación que esixe un consumo eléctrico moi alto, o que provoca un elevado custo económico para o Concello, cunha eficiencia moi baixa dende o punto de vista da economía e do consumo de enerxía.

En consecuencia, a finalidade que se pretende acadar coa presenta contratación é unha maior eficiencia da instalación e un aforro enerxético importante, a parte de utilizar un combustible natural e que segue a ser respectuoso co medio ambiente.

A reforma consistirá na retirada dos actuais radiadores eléctricos e os seus soportes; no acondicionamento dun espazo existente para o seu uso como sala de máquinas e almacén de biomasa; o subministro e instalación dunha caldeira de pellets tandem (enerxía renovable), de 64+64 KW, cos seus respectivos silos téxtiles.

Asemade, instalaranse os correspondentes radiadores de aluminio así como fancoils, distribuídos segundo se establece no proxecto da actuación de referencia, de instalación térmica no edificio multiusos deste Concello de Santa Comba.



Por outra parte, e de acordo coa lexislación estatal e autonómica, as obras comprendidas no proxecto de reforma do sistema de climatización da piscina climatizada municipal, son competencias propias dos concellos, xa que logo:

- No marco da lexislación estatal, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

- No marco da lexislación autonómica, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece no seu artigo 80.2.n), que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en actividades e instalacións culturais e deportivas, na ocupación do tempo libre e no turismo.

Para acadar o obxectivo de mellora da instalación de referencia, o Concello solicitou unha axuda á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia unha subvención ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, dentro da liña 1, na que se inclúe a de referencia neste expediente:

Liña 1:

Melloras eficiencia enerxética caldeiras de biomasa en: Multiusos, Pabellón de Deportes e Campo de fútbol

- Instalación térmica de edificio multiusos do Concello de Santa Comba: 100.550,56 €

Asemade, logo da concesión da axuda por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello encargou a redacción do proxecto denominado “Proyecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba”, de data de agosto de 2023 (asinada electronicamente con data de 11/08/2023), elaborada polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, número colexiado 1263 do ICOII Galicia, cun valor estimado de 83.099,64 euros e 17.450,92 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 100.550,56 euros; cun prazo de execución de tres (3) semanas (21 días naturais).

Por todo elo, e tendo en conta que o Concello de Santa Comba non dispón de medios materiais nin de persoal técnico especializado nin suficientemente cualificado que poida realizar as obras de referencia, e que no caso de contratar persoal cualificado así como adquirir os medios materiais necesarios, incorreríase nun custo elevado para o concello e non se acadaría a eficiencia e eficacia esperada do contrato de obra, é polo que dende a alcaldía considérase que este contrato é necesario e idóneo para cumprir os fins e intereses municipais establecidos no artigo 28 da LCSP 9/2017.

Elección do Procedemento de contratación

O procedemento de contratación elixido, tendo en conta o valor estimado do contrato, que non permite a súa tramitación como contrato menor nin a utilización do procedemento simplifícadísimo, e á vista do breve espazo de tempo para a tramitación do expediente de contratación e xustificación da axuda correspondente, cuxo prazo remata o 15 de novembro de 2023; e ao abeiro do artigo 159 da LCSP, será o procedemento aberto simplificado.

O procedemento de adxudicación, a xustificación, e a tramitación do expediente

a) O procedemento de adxudicación: procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación cuantificables mediante a aplicación de fórmulas, non suxeito a unha regulación harmonizada.

b) A xustificación da elección do procedemento:



O procedemento de contratación elixido, tendo en conta o breve espazo de tempo para a tramitación do expediente de contratación e xustificación da axuda perante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, e ao abeiro do artigo 159 da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, será o procedemento aberto simplificado.

- contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.350.000 € (artigo 20.1 da LCSP).

- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP). Para este caso en concreto o procedemento utilizado será aberto simplificado.

- O órgano de contratación poderá acordar o uso dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando se cumpran o as dúas condicións:

a) Que, o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 €;

b) Que, entre os criterios de adxudicación non haxa ningún avaliable mediante un xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o 25 % do total.

- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).

- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos realizarase usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da mellor relación calidade-prezo (artigo 145 da LCSP).

- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP).

- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).

- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que se usará é o que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021, xa que logo, e a pesares de que a obra non está incluída nun plan provincial, considéranse que son válidos para a licitación das obras de referencia. Nos pregos mencionados determinanse os criterios de adxudicación establecidos polo órgano competente (alcaldía) e a valoración que a realizarán os órganos de contratación municipais.

- Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e competitividade, o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación cuantificables de forma automática) anunciarase no Perfil de Contratante municipal (artigo 159.2 da LCSP).

c) A tramitación : ordinaria.

División en lotes

O alcalde, no decreto núm. 1299/2023, do 25 de setembro, de aprobación do proxecto de referencia neste expediente, e logo de xustificar os motivos, resolveu non dividir en lotes obxecto do contrato, xa que logo e de acordo co establecido no epígrafe b) do punto 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017, considéranse motivo valido aos efectos de xustificar a división en lotes "o feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico".

Revisión de prezos



A duración da obra é inferior a dous anos, polo que non procede á revisión de prezos, que se motiva na natureza das obras, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

As obras financiase coa achega por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia unha subvención ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, quedando o financiamento da execución das obras tal e como se indica a continuación:

OBRA/PROXECTO	TOTAL ORZAMENTO	Concello - Fondos propios	Xunta de Galicia
Instalación térmica de edificio multiusos do Concello de Santa Comba	100.550,56 €	29.775,10 €	70.775,46 €

Polo tanto, a presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

Clasificación do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Para concorrer á presente licitación non se require dispor da clasificación, xa que o valor estimado do contrato é inferior a 500.000 euros (art. 77.1.a) da LCSP 9/2017).

Se ben, de conformidade co disposto no referido art. 77.1.a) da LCSP, o licitador terá que acreditar a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indicarán no Prego de cláusulas administrativas particulares.

No caso de que os pregos non concretaran os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme aos os criterios, requisitos e medios recollidos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87 da LCSP 9/2017, que terán carácter supletorio do que ao respecto dos mesmos se houber omitido ou non concretado nos pregos.

Os criterios de adxudicación

Os criterios de adxudicación que rexerán a adxudicación, así como a súa valoración, son os seguintes:

1 A puntuación atribuída por todos os criterios considerados está referida a 100 puntos.

CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		60 puntos
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	Non aplica
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Non aplica
		Contratación desempregados	Non aplica
	IGUALDADE		Non aplica
REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN		30 puntos	



	INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA	10 puntos
--	---------------------------------	-----------

Determinación dos criterios de adjudicación: cuantificables de forma automática

REDUCCIÓN DO PRAZO

Redución do prazo de execución : ata 30 puntos

Asígnase a máxima puntuación (30 puntos) ás proposicións que oferten unha redución do prazo de execución maior, valorándose as restantes proposicións presentadas de forma proporcional, en regra de tres simple. Non serán admitidas aquelas ofertas que propoñan un prazo de execución superior ao establecido no proxecto.

O prazo de execución que conteña a oferta ao igual que o establecido no proxecto entenderase en días naturais.

No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

PREZO/OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica : ata 60 puntos

Asígnase a máxima puntuación (60 puntos) ás proposicións que oferte a baixa económica de maior importe, valorándose as restantes proposicións presentadas de forma proporcional, en regra de tres simple. Non serán admitidas aquelas ofertas que propoñan un prezo/oferta económica de execución superior ao orzamento base de licitación establecido no proxecto.

Aos efectos da avaliación deste criterio, segundo o modelo de proposición que presentarán os licitadores, terase en conta o importe ofertado por cada licitador excluído o IVE.

INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA

Incremento do prazo de garantía : ata 10 puntos

Asígnase a máxima puntuación (10 puntos) ás proposicións que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asígnaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 3 anos máis 2 anos).

Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntúe con 0 puntos, caso de resultar adjudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 5 anos.

Criterio de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adjudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adjudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa Disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que



teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non desen lugar a desempate.

O prezo do contrato, a retención de crédito e o financiamento:

O prezo do contrato:

Valor estimado : 83.099,64 euros
Importe IVE : 17.450,92 euros
Orzamento base de licitación : 100.550,56 euros

Retención de crédito

Partida orzamentaria : 151.62300
Retención Crédito de data : 04/07/2023
Operación núm. : 220230004923
Referencia : 22033001101 e 22023001102

Financiamento

ESTADO	XUNTA DE GALICIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	ACHEGA FONDOS PROPIOS
0 €	70.775,46 €	0 €	29.775,10 €

Autorización sectoriais, se fose o caso. Tributos e proxectos de instalación

De acordo co informe técnico municipal ao proxecto, os obras de referencia cumpren coa lexislación técnica e urbanística en vigor, e non precisan de autorizacións sectoriais.

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Santa Comba (na data da sinatura electrónica deste documento)

O alcalde

Alberto Romar Landeira